HARMONÍA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2026/2027

CONSERVATORIO DE MÚSICA PROFESIONAL

DE RIBEIRA “ENRIQUE PAISAL”

Índice

1. INTRODUCCIÓN....2
2. OBXECTIVOS....2
2.1. Obxetivos xerais....2
2.2. Obxetivos específicos....3
3. CONTIDOS....4
3.1. 3º curso do Grao Profesional....4
3.2. 4º curso do Grao Profesional....5
4. METODOLOXÍA....5
5. AVALIACIÓN....5
6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN....6
6.1. Ponderación e procedimientos de avaliación en cada trimestre....7
6.2. Mínimos esixidos e cualificación mínima....7
6.3 Rúbrica de avaliación....7
7. Atención al alumnado con necesidad específica de apoyo educativo....7
8. Criterios para a ampliación de matrícula....8
9. Secuenciación e temporalización....9
9. Bibliografía....12

1. INTRODUCCIÓN

A materia de **Harmonía,** integrada nos cursos 3º e 4º do Grao Profesional, conforme ao currículo oficial galego establecido no **Decreto 203/2007, do 27 de setembro,** constitúe un dos piares básicos da formación musical profesional, xa que proporciona os fundamentos que organizan a música dentro do sistema tonal, sobre o que se ergue boa parte do repertorio occidental. O seu estudo permite ao alumnado comprender as relacións harmónicas, fortalecer as súas capacidades técnicas e analíticas, e enriquecer a súa expresividade tanto na interpretación como na creación musical.

No grao profesional, os contidos de Harmonía adáptanse ás características do alumnado e ás necesidades formativas de cada especialidade, mantendo sempre os coñecementos esenciais. A materia actúa como un eixo integrador que conecta con outras disciplinas do currículo, como Análise, Historia da Música, ou mesmo a práctica instrumental, favorecendo unha aprendizaxe máis coherente e completa.

Así mesmo, o dominio da harmonía proporciona recursos indispensables para o desenvolvemento artístico, ao contribuír á solidez interpretativa, á coherencia estilística e á riqueza expresiva, elementos fundamentais para a formación integral do músico nesta etapa.

2. OBXECTIVOS

2.1. Obxetivos xerais

O grao profesional das ensinanzas de música ten como obxectivos contribuír a desenvolver nos alumnos e as alumnas as seguintes capacidades:

- Habituarse a escoitar música para formar a súa cultura musical e establecer un concepto estético que lles permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e de enriquecemento persoal.
- Analizar e valorar criticamente a calidade da música en relación cos seus valores intrínsecos.
- Coñecer os valores da música e optar polos aspectos emanados dela que sexan máis idóneos para o desenvolvemento persoal.
- Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.

- Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- Valorar o dominio do corpo e da mente para utilizar con seguridade a técnica e para concentrarse na audición e interpretación.
- Aplicar os coñecementos harmónicos, formais e históricos para conseguir unha interpretación artística de calidade.
- Ter a disposición necesaria para saber integrarse nun grupo como un membro máis do mesmo ou para actuar como responsable do conxunto.
- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.
- Coñecer e interpretar obras escritas en linguaxes musicais contemporáneas como toma de contacto coa música do noso tempo.
- Formarse unha imaxe axustada de si mesmos, das súas características e posibilidades, e desenvolver hábitos de estudo valorando o rendemento en relación co tempo empregado.

2.2. Obxetivos específicos

a) Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal e as súas características, funcións e transformacións nos contextos históricos.

b) Empregar en traballos escritos os elementos e os procedementos estudados da harmonía tonal.

c) Desenvolver o oído interno na análise e na realización de exercicios escritos.

d) Identificar a través da audición os acordes e os procedementos estudados da harmonía tonal.

e) Identificar a través da análise de obras os acordes, os procedementos máis comúns da harmonía tonal e as transformacións temáticas.

f) Comprender a interrelación dos procesos harmónicos coa forma musical.

g) Aprender a valorar a calidade da música.

h) Ter actitude crítica ante a escasa calidade harmónica que puidese presentarse tanto en músicas propias ou alleas como en harmonizacións xeradas por medios electrónicos de xeito automático.

i) Tocar esquemas básicos no piano.

j) Ser capaz de tocar os traballos realizados no piano.

3. CONTIDOS

3.1. 3º curso do Grao Profesional

1ª AVALIACIÓN

- Unidade 1: Nocións preliminares de harmonía
- Unidade 2: Fundamentos de harmonización a 4 voces
- Unidade 3: Prohibicións e excepcións no enlace de acordes
- Unidade 4: Estado fundamental (armonización e enlaces)
- Unidade 5: A 1ª inversión

2ª AVALIACIÓN

- Unidade 6: A 2ª inversión
- Unidade 7: Acordes de dominante
- Unidade 8: A cadencia rota

3ª AVALIACIÓN

- Unidade 9: Acordes de 7ª de subdominante
- Unidade 10: Progresións e secuencias unitónicas
- Unidade 11: As notas estrañas e o coral figurado

3.2. 4º curso do Grao Profesional

1ª AVALIACIÓN

- Unidade 1: Acordes de 9ª (maior e menor)

- Unidade 2: Dominantes secundarias (rexionalización)
- Unidade 3: 7ª diminuta e 7ª de sensible

2ª AVALIACIÓN

- Unidade 4: Acordes de 6ª aumentada (IV#6)
- Unidade 5: Acorde de 6ª napolitana (♭II6)
- Unidade 6: Acordes alterados

3ª AVALIACIÓN

- Unidade 7: Intercambio modal
- Unidade 8: Modulación

4. METODOLOXÍA

A metodoloxía concíbese como activa e dinámica, alternando de maneira equilibrada a teoría e a práctica para favorecer tanto a reflexión analítica como a aplicación inmediata dos coñecementos. O proceso de ensino-aprendizaxe estrutúrase de forma progresiva e secuenciada, co obxectivo de facilitar unha adquisición sólida e gradual das competencias.

As sesións estruturaranse combinando explicación teórica e práctica activa. O alumnado familiarizarase cos principios fundamentais da linguaxe harmónica mediante audicións, exposicións e exemplos ao piano. A continuación, os coñecementos aplicaranse en exercicios prácticos na aula, fomentando o traballo colaborativo, a participación activa e a resolución de problemas musicais con apoio e corrección constante por parte do docente. Finalmente, dedicarase un tempo á revisión dos exercicios realizados polo alumnado fóra da clase, analizándoos conxuntamente para converter cada corrección nunha oportunidade de aprendizaxe compartida, promovendo a autoavaliación, a crítica construtiva e o desenvolvemento da responsabilidade individual e colectiva.

En conxunto, a proposta metodolóxica entende a aprendizaxe como un proceso activo, social, diverso e adaptado ás características individuais do alumnado, procurando que o estudo da harmonía resulte significativo, inclusivo e eficaz.

5. AVALIACIÓN

A avaliación do alumnado será continua e integradora, polo que resulta requisito indispensable para superar a materia a asistencia regular ás clases e a realización das diferentes actividades programadas ao longo do curso.

Como ferramentas principais de avaliación establecerase a realización dun **exame** trimestral, destinado a comprobar o grao de adquisición dos contidos de harmonía estudados. Así mesmo, valorarase a resolución e entrega dos exercicios harmónicos realizados durante as sesións de clase, que deberán recompilarse e presentarse de maneira organizada nun único **portafolio** de carácter obrigatorio. Este servirá para constatar a capacidade do alumnado para aplicar os coñecementos teóricos á práctica da escritura e análise harmónica. De acordo cos principios metodolóxicos indicados previamente, tamén se terá en conta a actitude do alumnado na aula, tanto cara ao profesorado como cara aos compañeiros e compañeiras.

Ademais dos criterios propios da convivencia, consideraranse os seguintes criterios específicos para a avaliación da materia de Harmonía:

1. Demostrar o dominio no referente á mecánica de encadeamento dos diferentes acordes triadas (sentido morfolóxico) e a súa aplicación dentro da frase musical (sentido sintáctico).

2. Dominar as técnicas básicas de modulación e a súa aplicación dentro da frase musical.

3. Identificar auditivamente os principais elementos morfolóxicos e sintácticos da harmonía tonal e estruturas formais concretas.

4. Recoñecer os procedementos morfolóxicos e sintácticos da harmonía tonal mediante a análise de obras ou fragmentos adaptados ós contidos do curso.

5. Identificar mediante a análise, diversos erros en exercicios preparados con esta finalidade e propoñer solucións.

6. Comprobar que o alumno é capaz de empregar un instrumento polifónico para constatar sonoramente o escrito.

7. Identificar auditivamente estruturas formais concretas.

8. Identificar auditivamente erros en exercicios propostos para tal fin, e propor solucións.

6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A nota final do curso será a media aritmética das tres avaliacións, sempre que en cada unha delas se obteña unha cualificación mínima de 5 puntos. En consecuencia, será imprescindible superar cada exame cunha nota igual ou superior a 5; se algunha das avaliacións non está aprobada, non se realizará a media e a materia considerarase suspensa.

A nota de cada unha das avaliacións será a media ponderada entre:

6.1. Ponderación e procedimientos de avaliación en cada trimestre

Exame	70%
Portafolio	20%
Actividades de aula	10%

6.2. Mínimos esixidos e cualificación mínima

Exame	5,0
Portafolio	5,0

6.3. Rúbricas de avaliación ordinaria

As rúbricas que se presentan neste documento son unha ferramenta común para garantir a **transparencia, a obxectividade e a coherencia** no proceso avaliador das ensinanzas profesionais do Conservatorio. Están deseñadas para proporcionar ao alumnado e ao profesorado un **criterio claro e compartido** sobre o que se espera da materia e sobre como se valoran as distintas competencias musicais e académicas.

Dimensión avaliada	1 – Insuficiente	2 – Básico	3 – Competente	4 – Avanzado	%
Escrita harmónica a 4 voces (acordes, inversións, duplicacións, enlaces, modulacións)	Enlaces incorrectos, erros graves na condución das voces	Coñece acordes básicos pero enlaza con erros recorrentes	Enlaces correctos, atención á condución e ás duplicacións	Control estilístico, enlaces fluídos, variacións e creatividade	35%
Cadencias e resolucións tonais (perfecta, imperfecta, plagal, rota, etc.)	Non recoñece nin escribe cadencias correctamente	Realiza cadencias básicas con erros (perfecta/imperfec -ta)	Executa e identifica cadencias habituais con corrección	Control avanzado: emprega cadencias variadas (plagal, rota, interrompida), adapta	20%

Dimensión avaliada	1 – Insuficiente	2 – Básico	3 – Competente	4 – Avanzado	%
				ao estilo e contexto	
Armonización de melodías e baixos cifrados	Non armoniza ou armoniza incoherentemente	Armoniza con erros estruturais	Armonización coherente co estilo	Armonización creativa, emprego consciente de excepcións	35%
Traballo e actitude (entrega, revisión, limpeza das partituras)	Non entrega ou traballo desordenado	Entrega parcial e sen revisión	Entrega ordenada e revisada	Proactividade, corrección e revisión profunda	10%

6.4. Aplicación ás probas extraordinarias

As **probas extraordinarias** (avaliacións de recuperación ou convocatoria de setembro) teñen como obxectivo permitir ao alumnado que non superase a avaliación ordinaria demostrar que alcanzou os obxectivos mínimos da materia.

Nas probas extraordinarias mantéñense os mesmos criterios de avaliación establecidos nas rúbricas ordinarias, salvo no relativo á **Traballo e actitude**.

No caso das probas extraordinarias:

- Avaliarase coas **mesmas dimensións** e **pesos porcentuais** establecidos na rúbrica ordinaria.
- Os indicadores de logro permanecen **idénticos**, garantindo equidade e coherencia.

7. Atención al alumnado con necesidad específica de apoyo educativo

La atención a la diversidad debe garantizar estrategias pedagógicas inclusivas que respondan a las necesidades individuales del alumnado, promoviendo un entorno equitativo y estimulante. Su implementación se basa en adaptaciones específicas, recursos didácticos flexibles y acciones que fomenten el desarrollo integral de cada estudiante, independientemente de sus características personales, habilidades o contextos. La metodología propuesta se fundamenta en el modelo **DUA (Diseño Universal para el Aprendizaje)**, que busca ofrecer múltiples formas de acceso, participación y expresión para atender a la diversidad de estudiantes.

La atención a la diversidad incorpora mecanismos flexibles que aseguran respuestas pedagógicas adaptadas a las particularidades individuales, a los contextos socioculturales y a los distintos perfiles académicos. Estas prácticas buscan equilibrar la adquisición de las competencias con el reconocimiento de diferencias en ritmos de aprendizaje, motivaciones o condiciones físicas, sin comprometer los estándares curriculares básicos requeridos para la habilitación profesional. Dentro de

este marco de referencia, todas las adaptaciones operarán dentro de los límites definidos por las competencias fundamentales de la asignatura, asegurando que las modificaciones no afecten la capacidad futura del ejercicio profesional. Este enfoque multidimensional prioriza la inclusión sin sacrificar la excelencia académica, integrando flexibilidad operativa con rigor curricular.

8. Criterios para a ampliación de matrícula

Con carácter excepcional, e de acordo co establecido na lexislación vixente, poderá solicitarse a ampliación de matrícula ao curso seguinte. Para isto seguirase o seguinte procedemento:

- A solicitude de ampliación de matricula a outro curso académico deberá ser solicitada pola persoa interesada (no caso de maiores de idade. En caso de menores deberá ser solicitada polos tutores legais) a través do Rexistro Xeral do Concello de Ribeira antes do 15 de novembro do curso académico correspondente.

- A comisión de avaliación (formada polo profesorado que lle imparte materias ao interesado/a) deberá avaliar mediante un exame por cada unha das asignatura do curso no que estea matriculado. Este exame terá lugar antes de que comece o 2º trimestre do curso.

- A comisión emitirá un informe que será favorable se o/a solicitante acada unha nota mínima dun 9 en cada un dos mencionados exames.

- O Consello Escolar, á vista dos informes da comisión de avaliación decidirá sobre a ampliación ou non do alumnado proposto.

9. Secuenciación e temporalización

3º curso do Grao Profesional

	Semana	Sesión nº / Unidade – Contido
1ª AVALIACIÓN	Semana 1	Sesión 1: Presentación + avaliación inicial · Sesión 2: U1 Nocións preliminares de harmonía
	Semana 2	Sesión 3: U1 Continuidade · Sesión 4: U2 Fundamentos de harmonización a 4 voces I
	Semana 3	Sesión 5: U2 Harmonización a 4 voces II · Sesión 6: U3 Prohibicións e excepcións no enlace I
	Semana 4	Sesión 7: U3 Prohibicións e excepcións no enlace II · Sesión 8: U4 Estado fundamental (introdución)
	Semana 5	Sesión 9: U4 Armonización e enlaces I · Sesión 10: U4 Armonización e enlaces II
	Semana 6	Sesión 11: U5 A 1ª inversión I · Sesión 12: U5 A 1ª inversión II
	Semana 7	Sesión 13: U5 Exercicios prácticos ·

		Sesión 14: Non lectivo – Día do Ensino
	Semana 8	Sesión 15: Repaso Sesión 16: Repaso
	Semana 9	Sesión 17: Repaso Sesión 18: Avaliación
	Semana 10	Sesión 19: Devolución/corrección · Sesión 20: Peche e revisión final 1ª avaliación
2ª AVALIACIÓN	Semana 11	Sesión 21: U6 A 2ª inversión I · Sesión 22: U6 A 2ª inversión II
	Semana 12	Sesión 23: U6 Exercicios prácticos · Sesión 24: U7 Acordes de dominante I
	Semana 13	Sesión 25: U7 Acordes de dominante II · Sesión 26: U7 Acordes de dominante III
	Semana 14	Sesión 27: U8 A cadencia rota I · Sesión 28: U8 A cadencia rota II
	Semana 15	Sesión 29: Repaso Sesión 30: Repaso
	Semana 16	Sesión 31: Repaso Sesión 32: Avaliación
	Semana 17	Sesión 33: Devolución/corrección avaliación · Sesión 34: Actividades de reforzo ou ampliación
	Semana 18	Sesión 35: Actividade especial ou proxecto transversal · Sesión 36: Peche 2ª avaliación
3ª AVALIACIÓN	Semana 19	Sesión 37: U9 Acordes de 7ª de subdominante I · Sesión 38: U9 Acordes de 7ª de subdominante II
	Semana 20	Sesión 39: U10 Progresións e secuencias unitónicas I · Sesión 40: U10 Progresións e secuencias unitónicas II
	Semana 21	Sesión 41: U10 Exercicios prácticos · Sesión 42: U11 As notas estrañas e o coral figurado I
	Semana 22	Sesión 43: U11 Coral figurado II · Sesión 44: Repaso
	Semana 23	Sesión 45: Repaso Sesión 46: Repaso
	Semana 24	Sesión 47: Avaliación Sesión 48: Devolución/corrección avaliación
	Semana 25	Sesión 49: Actividades de reforzo ou ampliación · Sesión 50: Actividade especial ou proxecto transversal
	Semana 26	Sesión 51: Peche avaliación final · Sesión 52: Repaso global do curso
	Semana 27	Sesión 53: Traballo integrador ou audición final · Sesión 54: Peche curso – revisión global

4º curso do Grao Profesional

	Semana	Sesión nº / Unidade – Contido
1ª AVALIACIÓN	Semana 1	Sesión 1: Presentación + Avaliación inicial · Sesión 2: U1 Acordes de 9ª (maior e menor) I
	Semana 2	Sesión 3: U1 Acordes de 9ª II · Sesión 4: U2 Dominantes secundarias (rexionalización) I
	Semana 3	Sesión 5: U2 Dominantes secundarias II · Sesión 6: U2 Exercicios prácticos
	Semana 4	Sesión 7: U3 7ª diminuta e 7ª de sensible I · Sesión 8: U3 7ª diminuta e 7ª de sensible II
	Semana 5	Sesión 9: U3 Exercicios prácticos I · Sesión 10: U3 Exercicios prácticos II
	Semana 6	Sesión 11: Repaso U1–U3 I · Sesión 12: Repaso U1–U3 II
	Semana 7	Sesión 13: Avaliación práctica (parte 1) · Sesión 14: Non lectivo – Día do Ensino
	Semana 8	Sesión 15: Avaliación escrita (parte 2) · Sesión 16: Devolución/corrección
	Semana 9	Sesión 17: Actividades de reforzo ou ampliación · Sesión 18: Peche e revisión final 1ª avaliación
2ª AVALIACIÓN	Semana 10	Sesión 19: U4 Acordes de 6ª aumentada (IV#6) I · Sesión 20: U4 Acordes de 6ª aumentada II
	Semana 11	Sesión 21: U5 Acorde de 6ª napolitana (♭II6) I · Sesión 22: U5 Acorde de 6ª napolitana II
	Semana 12	Sesión 23: U6 Acordes alterados I · Sesión 24: U6 Acordes alterados II
	Semana 13	Sesión 25: Exercicios prácticos U4–U6 I · Sesión 26: Exercicios prácticos U4–U6 II
	Semana 14	Sesión 27: Repaso U4–U6 I · Sesión 28: Repaso U4–U6 II
	Semana 15	Sesión 29: Avaliación práctica (parte 1) · Sesión 30: Avaliación escrita (parte 2)
	Semana 16	Sesión 31: Devolución/corrección avaliación · Sesión 32: Actividades de reforzo ou ampliación
	Semana 17	Sesión 33: Actividade especial ou proxecto transversal · Sesión 34: Peche 2ª avaliación
3ª AVALIACIÓN	Semana 18	Sesión 35: U7 Intercambio modal I · Sesión 36: U7 Intercambio modal II
	Semana 19	Sesión 37: U7 Exercicios prácticos · Sesión 38: U8 Modulación I
	Semana 20	Sesión 39: U8 Modulación II · Sesión 40: Exercicios prácticos U7–U8
	Semana 21	Sesión 41: Repaso U7–U8 I · Sesión 42: Repaso U7–U8 II
	Semana 22	Sesión 43: Repaso xeral

		Sesión 44: Avaliación
	Semana 23	Sesión 45: Devolución/corrección avaliación · Sesión 46: Actividades de reforzo ou ampliación
	Semana 24	Sesión 47: Actividade especial ou proxecto transversal · Sesión 48: Peche avaliación final
	Semana 25	Sesión 49: Repaso xeral do curso · Sesión 50: Traballo integrador ou audición final
	Semana 26	Sesión 51: Peche curso – revisión global · Sesión 52: Conclusión e despedida do curso

10. Bibliografía

- Oltra, Manuel. (2010). *Ejercicios de acompañamiento*. Boileau.
- Piston, Walter. (2017). *Armonía*. Idea música.
- Robles, Luis. (s.d.). *Armonía tonal clásica*.**1.**
- Pardo, A. (1993). *Armonía moderna* (3ª ed.). Madrid: Real Musical.
- Zamacois, J. (2007). *Tratado de armonía tonal* (3ª ed.). Barcelona: Labor.
- Schoenberg, A. (1991). *Teoría de la armonía* (R. E. Carter, Trad.). Madrid: Idea Books.